

- 39 MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS -



DO 24 DE XUÑO AO 9 DE XUÑO 2022

www.mostrateatrocangas.gal



TAQUILLA



ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 16. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 22. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 25. XXII XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 30. EVENTOS

ORGANIZACIÓN

Dirección Artística e Programación: María Armesto

Dirección de produción: Salvador del Río

Actividades Paralelas e Formación: Silda Alfaro

Asesoramento Programación: Xoan Carlos Riobó

Xestión MITCFC: María Xosé Mariño "Che"

Comunicación: Clara Castilla

Fotografía: ProLight Foto Estudio

Técnicos Municipais:

Técnico de Cultura: Estanislao Graña

Director Auditorio Municipal: Juan José Pérez

Directora do CIM: Paula Tenorio

ASISTENCIA TÉCNICA

Ningures Producción SL:

Héctor Pazos

Serafín Piñeiro

Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

ENTIDADES

Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galiza, AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excm. Deputación de Pontevedra

Entidades Colaboradoras:

Erregueté

Centro Dramático Galego

DESEÑO E EDICIÓN

Ilustración cartel: Le Petit Patito

Deseño gráfico e web: Diego Seixo

Edita: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2022

PROGRAMA

VENRES, 24 XUÑO

19:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
POETA NAS ONDAS. LINO BRAXE inauguración
exposición e homenaxe

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
PREGÓN INAUGURAL por Clara Gayo
EUROVISIÓN (O FAKE SHOW) Bucanero

SÁBADO, 25 XUÑO

19:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
COMANDO IGUALDADE presentación libro

19:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
AMANTIS presentación proxecto e debate

20:30 PRAZA DO COSTAL
SÓLO EVA Caprina

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
MAKERS Compagnie L'Alakran

DOMINGO, 26 XUÑO

20:30 ADRO DO HÍO
SÓLO EVA Caprina

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
OH PERA Circo Chosco

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2022
AMANTIS Rebordelos. Coproduce MITCFC

LUNS, 27 XUÑO

18:00 SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS
O TEATRO AMADOR EN Galiza mesa redonda

19:00 PRAZAS DE CANGAS
REVOLTALLO colectivos culturais de Cangas
20:00 CAPELA DO HOSPITAL E XARDÍNS DO SEÑAL
4 PEZAS DE MICROTEATRO Teatro amador

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
VIDAS ENTRE LUSCO E FUSCO Escola Teatro Cangas

MARTES, 28 XUÑO

20:30 CAPELA DO HOSPITAL
MENÚ DO DIA #chamizobellovila

MÉRCORES, 29 XUÑO

20:00 CAPELA DO HOSPITAL
PANDRAMA presentación libro e actuación teatral
20:30 PRAZA DO COSTAL
MALABARABILIDADES Fran Boza

XOVES, 30 XUÑO

16:30 CAPELA DO HOSPITAL
PEIXIFICADXS obradoiro Socias de ADICAM
17:30 SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS
ESCENA GALEGA mesa de traballo
20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
¡¡¡CATAPLÚM!!! Ameba Teatre
22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
EL DIABLO EN LA PLAYA Matarile

VENRES, 01 XULLO

19:30 SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS
LA LUZ DE LA TORMENTA presentación libro
20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
O QUIXOTE Pedras de cartón
22:30 PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMARIGO
PAXAROS NO CABO Pistacatro. Coproduce MITCFC

SÁBADO, 02 XULLO

20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN

¡AY PERA, PERITA, PERA! Cazando gamusinos

20:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
HISTRIÓNICA! Mónica Sueiro. Coproduce MITCFC

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
LOS DIAS AJENOS DE BOB POP El Terrat

DOMINGO, 03 XULLO

20:30 ADRO DO HÍO

¡AY PERA, PERITA, PERA! Cazando gamusinos

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
SOMOS CIRCO Desastronauts

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
PAS DE DEUX Losdedae

LUNS, 04 XULLO

16:00 CAPELA DO HOSPITAL ata o 6 de Xullo
OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS

MARTES, 05 XULLO

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
POI Cia. D'es Tro

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2022
VI TORNEO DE DRAMATURXIA DE Galiza

MÉRCORES, 06 XULLO

10:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
FACER VISIBLE O INVISIBLE ata o 9 de Xullo

21:00 CAPELA DO HOSPITAL
PERFORMANCE SALÓN DES REFUSÉS

XOVES, 07 XULLO

20:00 CAPELA DO HOSPITAL
ESPECIES LÁZARO presentación libro

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL
IKIGAI Su.ma

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
¡AVE OSOS! El mono habitado

VENRES, 08 XULLO

19:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL
CENTENARIO MARÍA CASARES Unha vida en acción

20:30 ADRO DO HÍO
SURPRISE Pepe's Show


22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
CONTINENTE MARÍA Ainé Producións

SÁBADO, 09 XULLO

19:30 CAPELA DO HOSPITAL
PRESENTACIÓN ERREGUETÉ

20:30 PRAZA DO COSTAL
SURPRISE Pepe's Show

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS
VOCES QUE NO VES Pepa Plana



TAQUILLA

VENDA DE LOCALIDADES

www.mostrateatrocangas.gal (Sen gastos de xestión para o público).

Recoméndase e prégase a compra online de localidades (sen gastos nin comisións), por comodidade para o público e para axilizar a entrada ao Auditorio.

Desaconséllase a compra de localidades no Despacho de Billetes do Auditorio, a venda no propio auditorio realizarase cumprindo a normativa en seguridade e distancia social vixente na data da función.

VENDA DE ABONOS

www.mostrateatrocangas.gal

DO 22 DE MAIO AO 10 DE XUÑO.

PREZO DO ABONO: 70€.

A adquisición do abono conta coas seguintes vantaxes:

Entradas para 10 espectáculos programados na Sala – Teatro do Auditorio e no Polideportivo de Romarigo.

Desconto de 10€ sobre o importe da suma das 10 entradas.

Non están incluídos no abono os demais espectáculos.

Garante a entrada sen colas no despacho de billetes para os espectáculos incluídos no abono.

Permite elixir as butacas mellor situadas. A persoa beneficiaria do abono disporá da mesma butaca durante toda a MITCFC, agás o espectáculo PAXAROS NO CABO de PISTACATRO, 1 de xullo (Entrada sen numerar no Pavillón de Romarigo).

VENDA ANTICIPADA

Do 11 de xuño ata 15 minutos antes do inicio do espectáculo ou en www.mostrateatrocangas.gal

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES DO AUDITORIO

Dúas horas antes do comezo da función.

Aviso: Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

PREZOS DAS ENTRADAS

Os espectáculos programados no AUDITORIO e POLIDEPORTIVO DE ROMARIGO terán un prezo de 8€, agás os espectáculos: ENTRE FUSCO E LUSCO da ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS (27 de xuño) e VI TORNEO DE DRAMATURXIA (5 de xullo), que terán un prezo de 5€.

O espectáculo HISTRIÓNICA de Mónica Sueiro (2 de xullo), programado na SALA DE EXPOSICIÓN do Auditorio, terá un prezo de 5€.

A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS SIGNIFICA A ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S GUINTES

A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto das persoas que presenten unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios ou devolucións.

Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

Resérvase o dereito de admisión.

Quedan reservados os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo as persoas do público introducir cámaras fotográficas, vídeo ou gravadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización da organización.

Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as alarmas dos reloxs e os teléfonos móbiles.

O público da Mostra ten un servizo de venda de localidades exclusivo, SEN GASTOS de xestión pola compra anticipada de localidades.

Colabore coa MITCFC mercando a súa entrada anticipadamente.

A MITCFC seguirá os protocolos de actuación e as directrices que marquen as autoridades sanitarias competentes.

XXXIX MOSTRA

A MITCFC prepárase para entrar nos corenta, e faino con forza, con humor, con xiria e coa emoción de celebrar esta 39 edición nun Auditorio Municipal rebautizado co nome dunha das persoas fundadoras desta Mostra, Xosé Manuel Pazos Varela.

Despois de crises orzamentarias, sanitarias e de redución de aforo, seguimos aquí, sen medo, con pulo para avanzar e acadar que esta Mostra chegue aos máis recónditos lugares da terra e converta Cangas e O Morrazo nun eixe escénico universal.

O Morrazo conta cun fabuloso patrimonio teatral, e a MITCFC é o seu xermolo. Ao seu abeiro creceron tres xeracións de mulleres e homes que aprenderon a ver, a sentir e a vivir o teatro dende o berce. Naceron míticas compañías de teatro profesional e amator, formáronse actrices, actores e artistas de todas as disciplinas escénicas. O teatro entrou nas escolas, nas asociacións culturais, nos xornais, invadiu rúas, prazas, praias, montes, festas, cines, carpas, capelas e adros..., e converteuse en selo de identidade.

O TEATRO é patrimonio cultural de Cangas e de todo O Morrazo.

Queremos celebrar con vós estes 39 anos e ir da man cara á corentena teatral.

Érguese o pano.

Benvidas e benvidos!

A 39 MITCFC VAI COMEZAR!



MOSTRA
INTERNACIONAL
DE TEATRO
CÓMICO
E FESTIVO
DE CANGAS

#TEATRO NO AUDITORIO

VENRES, 24 XUÑO 2022 22:30

EUROVISIÓN (O FAKE SHOW)

BUCANERO E MANARTE

SÁBADO, 25 XUÑO 2022 22:30

MAKERS

COMPAGNIE L'ALAKRAN

DOMINGO, 26 XUÑO 2022 22:30

AMANTIS

REBORDELOS. COPRODUCE MITCFC

XOVES, 30 XUÑO 2022 22:30

EL DIABLO EN LA PLAYA

MATARILE

SÁBADO, 02 XULLO 2022 22:30

LOS DIAS AJENOS DE BOB POP

EL TERRAT

DOMINGO, 03 XULLO 2022 22:30

PAS DE DEUX

LOSDAE

MARTES, 05 XULLO 2022 22:30

VI TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALIZA

DRAMATURGA · MITCFC · CDG

XOVES, 07 XULLO 2022 22:30

¡AVE OSOS!

EL MONO HABITADO

VENRES, 08 XULLO 2022 22:30


CONTINENTE MARÍA

AINÉ PRODUCTIONS

SÁBADO, 09 XULLO 2022 22:30

VOCES QUE NO VES

PEPA PLANA





EUROVISIÓN (O FAKE SHOW)

BUCANERO E MANARTE, GALIZA · VENRES, 24 XUÑO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

A Cía Bucanero foi creada polos actores Xosé Bonome e Pedro Picos no ano 2001. Producen 12 espectáculos ao longo destes anos e xiran por múltiples teatros, espazos escénicos e festivais tanto dentro como fóra de Galiza.

Manarte Producciones fúndase no ano 2015 pola actriz Sabela Hermida en colaboración coa Cía Teatro Proscrito, de Lino Braxe. Coproduce coa Cía Bucanero os seus tres últimos espectáculos e é entidade organizadora de actividades culturais, artísticas e de formación destinadas a público escolar.

O concurso musical televisivo por antonomasia retransmitindo cancións, presentacións, votacións...

As tripas da televisión, os tópicos patrios máis absurdos, músicas delirantes nun xogo escénico sen fin. Países europeos mestúranse con China e EEUU, que non son europeos pero que participan. Como tamén participa Galiza (que non é país pero si europea) como anfitriona.

Podería a TVG retransmitir unha gala de Eurovisión? Participaría Galiza cunha canción? Converteríase polo tanto en país? Estamos preparados para o grande show? Onde reside a alma da patria? Algunhas preguntas e risa asegurada. Dous actores e unha actriz que cantan, bailan, presentan, actúan...

Eurovisión: o show.

Destinado a: Público familiar
Duración: 75'

Dirección: Rebeca Montero
Autoría: Lino Braxe

Interpretación: Sabela Hermida, Pedro Picos e Xosé Bonome

Coreografía: Sabela Hermida

Música orixinal: José Bonome

Letristas: Rebeca Montero, Sabela Hermida, Pedro Picos e Xosé Bonome

Vestuario: Bucanero e Manarte

Deseño iluminación: Is Torrado

Deseño gráfico: Héctor Bonome

Voz en off: Javi López



MAKERS

COMPAGNIE L'ALAKRAN, SUÍZA · SÁBADO, 25 XUÑO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALIZA

A Compañía L' Alakran suscita en escena emocións radicais, creando espectáculos lúdicos, filosóficos e sempre poéticos. O contexto político, no sentido de actitude crítica, é inherente ao proxecto artístico; para interrogarse sobre a relación entre o individuo e a colectividade, sin querer dar respostas nin fixar a palabra nunha ideoloxía.

Makers é unha obra sobre a luz, o tempo e o amor, viaxando entre o desbordamento cómico e a contención emocional, entre o disparate e a verdade. Un espectáculo que mestura o poético e o filosófico, nunha especie de manual para sobreviventes que trata de achegar solucións ao noso tránsito na realidade. A peza nace da función esencial dos makers: investigar para facer a luz. "Somos detectives, tratamos de buscar o sensible baixo o sensible, atopar unha solución poética á realidade", explica o artista asociado a Azkuna Zentroa. O resultado é unha posta en escena na que este dúo cómico aborda temas clásicos como o amor, o tempo e a luz, mesturado con humor emotivo. Damos así outro punto de vista sobre o cotiá desta época fraxilizada, de contornas borrosas e incertas. Na súa proposta escénica diferencian o seu lado máis épico, no que o teatro é "un xeito de espionaxe, de investigación para vixiar o mundo", e a parte máis íntima "tratando de detectar o sensible agochado baixo o sensible".

Premio Nacional de Teatro de Suíza 2018

Destinado a: Público adulto
Duración: 120'

Dirección: Óscar Gómez Mata
Autoría: Agustín Fernández Mallo, Rodrigo García e Óscar Gómez Mata

Interpretación: Juan Lorient e Oscar Gómez Mata

Colaboración artística: Delphine Rosay
Colaboración xogo actoral: Espe López
Creación luz e dirección: Leo Garcia
Espazo escénico: Vanessa Vicente
Vestuario: Doria Gomez Rosay
Creación son: Ayneric Demay
Música de: Aymeric Demay, Novedades Carminha, Carnival in Coal, Anton Bruckner e Las Colombinas
Produción e administración: Aymeric Demay
Distribución: Compagnie L'Alakran e Carlota Guivernau
Coprodución: Teatro Saint Gervais, Azkuna Zentroa Alhóndiga, Théâtre populaire romand e L'Arsenic
Apoios: Pro Helvetia - fondation suisse pour la culture, Loterie Romande, Fondation Ernst Göhner



AMANTIS

REBORDELOS. COPRODUCE MITCFC, GALIZA · DOMINGO, 26 XUÑO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Dende Rebordeiros producimos espectáculos que convidan a un gozo estético e sensorial dende narrativas que cheguen e inclúan a todo tipo de persoas no pracer e na experiencia escénica. O noso interese pivota arredor das voces infrarrepresentadas do relato, da recuperación da memoria e da achega a un patrimonio cultural común.

Apostamos por espazos seguros de creación, respectuosos cos tempos desta como método para alumear pezas vitalistas, coidadas e feitas dende os coidados.

Amantis indaga en como as redes sociais, o selfie, e o sexting, inflúen na creación da propia identidade. Conta a historia de M., un adolescente de barrio obreiro que quere ser influencer.

Nese camiño topará coas trampas dun universo intanxible no que non todo é o que parece e no que el mesmo terá que descubrir quen é.

Destinado a: Público adulto
Duración: 60'

Dirección: Tamara Canosa
Autoría: Tamara Canosa, Xacio Baño

Interpretación: Roque Ruiz

Espazo e luz: Jose Manuel Faro "Coti"

Espazo sonoro: Jas Processor

Vestuario: Melania Freire

Fotografías: Sabela Eiriz

Texto: Tamara Canosa e Xacio Baño

Distribución: Kandengue Arts



EL DIABLO EN LA PLAYA

MATARILE, GALIZA · XOVES, 30 XUÑO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Os seus directores artísticos, Ana Vallés e Baltasar Patiño, fundan a compañía no ano 1986 en Compostela, onde tamén promoven espazos de exhibición para a creación. Entre 1993 e 2008 crean e xestionan o Teatro Galán, espazo destinado á programación e difusión do teatro e a danza. De 1995 a 2007 impulsan o Festival Internacional de Danza en espazos urbanos En Pé de Pedra. En 2017 crean un espazo de exhibición, a sala Montiel, independente de orzamentos e normativas oficiais. Puxeron en escena máis de 30 espectáculos, incontables performances e propostas en formato concerto, cos que acadou máis de vinte premios e mencións en distintos puntos de España e Europa.

No principio foi o caos. Despois, con Celeste e Claudia, C e C, chegaron as tentacións. O (re)coñecemento de Celeste e a fantasía de Claudia. Di Roy Andersson que o plano xeral, o espazo que rodea a unha persoa, di máis dela que o seu propio rostro. Como consideraremos aquí o corpo, como primeiro plano que acompaña ao rostro e conforma o prexuízo dun estereotipo? Ou como parte do plano xeral que define unha forma de estar e habitar? O díaño paseándose en bicicleta polas rúas baleiras, como anxo custodio sen corpo que acompañar. O errante que se equivoca e o errante que vaga sen sentido. Reunir a Claudia e a Celeste é como convocar ao anxo e ao demo, sen tentar definir quen é que, quen é quen, ou en que momento son intercambiables.

5 candidaturas nos Premios Max 2022: mellor espectáculo, autoría, dirección, iluminación e espazo escénico.

Destinado a: Público adulto
Duración: 75'

Dirección: Ana Vallés
Autoría: Ana Vallés, Celeste González, Claudia Faci

Interpretación: Celeste e Claudia Faci
Coreografía: Celeste Claudia Faci
Iluminación: Baltasar Patiño, Miguel Muñoz
Espazo escénico e Montaxe musical: Baltasar Patiño
Vídeo proxección: Matarile
Vestuario: Matarile, Naftalina, Nuria González
Documentación proceso: Matarile
Fotografía: Rubén Vilanova, Edición Rusa
Edición e publicación dos textos: Ediciones Invasoras
Vídeo difusión: Edición Rusa
Promoción e difusión nos medios: Juancho Gianzo
Xestión redes: Baltasar Patiño, Juancho Gianzo
Deseño web e gráfico: Baltasar Patiño
Citas e referencias: Gilles Deleuze, Rebecca Solnit, Franco Berardi Bifo, Edward Hopper, Pina Bausch, Balthus, Gregory Crewdson, Heiner Müller, Daniel Johnston, Eduardo del Pueyo, Roy Andersson.
Acompañamento: Elisa Gálvez, Juan Úbeda, Lara Contreras, Enrique Gavilán, Jacobo Bugarín, Fany Bello.
Soporte técnico e loxística: RTA, MATARILE
Asistencia técnica en xira: Miguel Muñoz, RTA
Xestoría: Asesoría Cruceiro
Producción: Juancho Gianzo



LOS DÍAS AJENOS DE BOB POP

EL TERRAT, CATALUÑA · SÁBADO, 02 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

O labor de EL TERRAT é crear e producir formatos de entretemento e ficción para calquera soporte de televisión, internet ou teatro, entre outros. Ten a misión e a vocación de cubrir as necesidades artísticas dos socios creativos e á vez de perseguir a captación dos mellores talentos externos.

Ao longo da súa traxectoria a produtora ten sido galardoada con numerosos premios de prestixio a nivel nacional como os Premios Ondas, os da Academia de Televisión, os TP de Oro, entre outros. A nivel internacional EL TERRAT estivo nomeado en dúas ocasións para un Rose d'Or e un Emmy Award.

"Los días ajenos de Bob Pop" é un espectáculo de voces e memoria creado e interpretado por Bob Pop a partir dos seus libros "Días Ajenos"; un monólogo (ás veces) cargado de literatura e dunha fonda sinceridade, humor, capacidade de análise e síntese sorprendentes.

Durante 70 minutos, un Bob Pop en estado puro, sen guión e cunha improvisación vital, repasa a súa vida a través dos diarios propios e doutros.

Un collage de experiencias da man, a mirada e a empatía dunha das personalidades máis transgresoras e cáusticas dos últimos anos.

Destinado a: Público adulto
Duración: 90'

Dirección: Bob Pop e Andrés Lima
Autoría: Bob Pop

Interpretación: Bob Pop

Producción executiva: Mercè Puy e Xen Subirats
Producción: Rosa Domingo
Comunicación: Meritxell Abril, Andrea Calbet e Gemma Saperas
Comunicación dixital: Mia Font
Espazo Escénico: Rosa Domingo e Carlos Rodríguez García
Deseño cartel: Andreu Buenafuente
Distribución: El Terrat-Sarah Martínez
Unha produción de Bob Pop e El Terrat



PAS DE DEUX

LOSDEDAE, MADRID · DOMINGO, 03 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

En 1997 Chevi Muraday pon en pé a súa propia compañía de danza, Losdedae, coa intención de xerar movemento no ámbito da danza contemporánea en España. Desde entón, dirixiu máis de 40 pezas, algunhas delas fixeron tempada no Teatro Español de Madrid con gran éxito de crítica e público. En 2020 estrea o espectáculo "Juana" con Aitana Sánchez Gijón. Actualmente está de xira con 2 espectáculos: "Pas de Deux" coa performer Miss Beige e "El Perdón" con Juana Acosta.

A danza e a performance danse a man nunha peza onde destaca o sinxelo baixo a grandiosidade de Tchaikovsky e xira arredor do "Centro Di Gravità Permanente" do gran Franco Battiato. No universo do retoque, ambos os dous artistas únense para facer unha peza onde non haxa ningún artificio só a súa presenza, as súas disciplinas e a comunicación que xorde entre ambas. O diálogo pono o espectador e as reflexións tamén, mais xa é hora de poñer ao espectador, se así o desexa, nunha situación que non saiba controlar desde a súa chegada ao teatro. O mirón tamén terá que xogar. Hai moitos xeitos de xogar e ser xogado e Pas de Deux pon ao espectador nunha posición de sorpresa sen escapatoria.

Premio Nacional Danza 2006

Premio Shangay á súa carreira

PREMIO MAX Mellor Espectáculo de Danza "EN EL DESIERTO" 2016

Destinado a: Público adulto

Duración: 50'

Dirección: Miss Beige e Chevi Muraday

Autoría: Miss Beige e Chevi Muraday

Interpretación: Chevi Muraday e Miss Beige

Coreografía: Chevi Muraday, Miss Beige

Intérpretes: Chevi Muraday, Miss Beige

Técnico de luces: Óscar Sáinz

Dirección de produción e distribución: Gachi Pisani



DRAMATURGA, MITCFC E CDG, GALIZA · MARTES, 05 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA ABSOLUTA

O Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega. A Asociación Galega de Dramaturxia é a plataforma das autoras e autores dramáticos de Galicia. Naceu no ano 2015 coa intención de mellorar, defender e velar polas condicións laborais das profesionais do sector e visibilizar a dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonias única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público.

As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios. O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora.

Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

Destinado a: Público adulto

Mestra de Cerimonias: Esther F. Carrodegua

COMBATENTES TORNEO 2022:

Laura Porto (Covelo, 1992), dramaturga. En 2021 publica *O senso da floración* coa editorial ÁFEIRA, e colabora coa compañía Amorodio como dramaturga e directora da súa primeira montaxe, *Reino da extinción*, publicado polo Consello da Cultura Galega.

Raquel Castro (Alxén, Salvaterra de Miño) Licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica, profesora de Lingua galega e literatura no ensino secundario. É presidenta da Asociación Teatral de Alxén dende 1999 e todas as súas obras están destinadas a ser interpretadas polo grupo de teatro infanto-xuvenil *Ata Sempre* de dita Asociación. Algunhas delas están publicadas en *Galaxia* e *Fervenza*.

Cándido Pazó (Vigo, 1960) Un dos de toda a vida. Con varios premios María Casares e Max pola súa escrita teatral. Premio Xiria da MITCF de Cangas, Xograr de Outono do FIOT, Premio Vidal Bolaño da MIT de Ribadavia e Premio da Cultura Galega pola súa traxectoria. Os seus últimos traballos como dramaturgo son *Cigarreiras de Contraproducións* e *A peste do CDG*.

Antón Coucheiro (Cou) é actor, director e dramaturgo, pero, sobre todo, pallaso. Traballa en teatro, cine e televisión dende hai 20 anos. Cos seus espectáculos, ten viaxado por máis dunha ducia de países. Tamén é un recoñecido mestre de clown e de improvisación teatral.



¡AVE OSOS!

EL MONO HABITADO, EUSKADI · XOVES, 07 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

EL MONO HABITADO é un ser que pensa, sente e actúa, axitado por contar, primitivo e lúcido ao tempo. Esta especie antropomorfa aprendeu a utilizar algunhas ferramentas como o humor, a metáfora, o absurdo e a representación simbólica da realidade.

Os nosos espectáculos encadran a acción dramática nunha realidade insólita, case que no delirio. A partir de aquí desenvolvemos situacións cómicas e surrealistas ás que engadimos unha mirada crítica e aceda sobre a nosa especie e sobre a nosa sociedade e cunhas pinceladas de poesía.

Unha pomba que fala métese na casa dunha parella de "osos" cunha mensaxe moi especial: un novo mesías vai chegar, así que foron elixidos para ser seus pais. Entre designios, milagres e embarazos psicolóxicos os personaxes debaten sobre un novo modelo de sociedade e outros modos de vivir o amor e a familia.

Mención especial IV Festival Territorio Violeta 2021-22.
Espectáculo recomendado pola Rede de Teatros Vascos Sarea.

Destinado a: Público adulto
Duración: 85'

Dirección: Rolando San Martín
Autoría: Raúl Camino

Interpretación:
Raúl Camino
Aitor Pérez Collado
Begoña Martín Treviño
Javier Liñera

Escenografía: Eskenitek S.L.
Vestuario: La funambulista
Iluminación: Alaine Arzoz
Vídeo: Joakim Ward
Diseño Gráfico: Makondo



AINÉ PRODUCCIÓN, GALIZA · VENRES, 08 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Se hai algo que Ainé Producións acadou nos últimos anos para o teatro en Galicia é atraer novos públicos a base de bater récords. Un catálogo inicialmente orientado á comedia mudou nos últimos anos para dar espazo a un abano de xéneros do que forman parte desde adaptacións de auténticos fenómenos mediáticos como Fariña a clásicos do teatro do absurdo como O Montacargas. Nos últimos cinco anos a produtora puxo sobre os escenarios máis de vinte montaxes, entre todas suman máis de 300.000 espectadores.

Continente María é un canto á vida e ao teatro a través do diálogo coa extraordinaria figura de María Casares. Evocamos a María non só como a inesquecible actriz que foi, senón tamén como o ser humano que se entregou con absoluta intensidade á vida e á escena para vencer o medo e sobrepoñerse ao exilio, descubrinto nas táboas a súa verdadeira patria. A Casares preséntasenos como un mapa a percorrer como viaxeiras curiosas, gozando dos detalles que nos proporciona a súa paisaxe, chea de vitalidade e ganas de vivir en presente absoluto todo o que a realidade e a poesía nos pode ofrecer. Conversamos co legado de María tratando de recoller a retranca, o humor e a musicalidade que se desprende das súas entrevistas e escritos, que se descubren ante nós como un faro que dá luz e claridade a un presente que precisa referentes de liberdade e compromiso.

Destinado a: Público adulto

Duración: 80'

Dramaturxia e Dirección: Tito Asorey

Autoría: Marianella Morena

Interpretación: Melania Cruz

Músico en escena: Vadim Yuhnevich

Produción executiva: Xosé A.Touriñán, Tito Asorey e Melania Cruz

Dirección de produción: Javi Lopa e Álvaro Pérez Becerra

Escenografía: José Faro "Coti"

Iluminación: Laura Iturralde

Videoproxeccións: Laura Iturralde e Miriam Rodríguez

Vestuario: Laura Baena

Deseño previo vestuario: Yaiza Pinillos

Espazo sonoro e música orixinal: Vadim Yuhnevich

Voces en off: César Goldi e Tito Asorey

Imaxe gráfica: Lidia Cao

Comunicación: Saúl Rivas

Páxina web: Pilar Mera

Fotografía: Aigi Boga

Vídeo: Jairo Iglesias

Técnico: Xacobo Castro

Produción en xira: Celia Varela Sixto

Auxiliar de Producción: Claudia Díaz

Produción: Ainé e a Quinta do Cuadrante en coprodución co Concello da

Coruña e o Centro Dramático Galego

Colabora: Concello de Rianxo

Patrocina: Deleite

AGRADECIMENTOS: María Lopo, Roberto Salgueiro, Aula Teatro USC; Incendiaria, Totó Barreiro Pena, Profesorado Centro Música Fingoi, Manuel Varela, Carlos Alonso, iMaquinario Teatro, Pamela Lorenzo, Laura Lorenzo, María Lorenzo, Roberto Varela, Berta Ojea, Ernesto Is, Nerea Brey, Teatro Musicas, Ledicia Sola, Alfonso Zarauza, Ramiro Rodríguez, Javier Hernández-Simón, María Armesto, Denise Freire, Antonio Rodríguez, Kinhos.



VOCES QUE NO VES

PEPA PLANA, CATALUÑA · SÁBADO, 09 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA · ESTREA EN GALICIA

Pepa Plana, actriz e pallasas catalá, é un referente estatal no xénero, pola calidade dos seus espectáculos e pola súa contribución na visualización das pallasas, destacando como unha das principais figuras europeas.

Fundou a súa compañía en 1998 cunha clara intención de facer teatro de pallasos para público adulto. Despois de 12 espectáculos, 6 deles en cartel, xera gran expectación con cada novo proxecto.

A partir dos chamados "números clásicos", xa vai sendo hora que alguén lle poña a versión en feminino. ¿Como cambian e que significado collen cando se xogan desde dúas pallasas en vez de dous pallasos?

Pepa Plana e Clara del Ruste preséntannos en "Voces que no ves" unha historia que en si mesma comporta dentro de seu unhas cantas pequenas historias máis, é dicir, as "situacións" que debeñen quizáis os momentos máis importantes deste traxecto cómico e poético.

Temos ante nós a dúas heroínas do século XXI intentando sobrevivir ás situacións, clásicas ou non, que a súa condición de pallasas lles ofrece.

Premio Butaca 2020 a "Veus que no veus".

Premio Nacional de Cultura 2014 del Consell Nacional de la Cultura i de les Arts.

Destinado a: Público adulto
Duración: 70'

Dirección: Joan Arqué
Autoría: Pepa Plana, Joan Arqué, Noël Olivé

Pallasa Augusta: Pepa Plana
Pallasa Branca: Clara del Ruste

Escenografía: Xavier Erra
Asistente dirección: Inés García
Vestuario: Rosa Solé / Imma Ebjol
Iluminación: Yuri Plana
Música: Lluís Cartes
Música e voz en Tirallonga de monosíllabs: Rosa Pou
Fotografía: Roser Àrques
Producción: Cia. Pepa Plana

#TEATRO NA RÚA

SÁBADO, 25 XUÑO 20:30 PRAZA DO COSTAL · DOMINGO, 26 XUÑO 20:30 ADRO DO HÍO

SÓLO EVA

CAPRINA

DOMINGO, 26 XUÑO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

OH PERA

CIRCO CHOSCO

MÉRCORES, 29 XUÑO 20:30 PRAZA DO COSTAL

MALABARABILIDADES

FRAN BOZA

XOVES, 30 XUÑO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

¡¡¡CATAPLÚM!!! (VIVIR ENTRE BOMBAS)

AMEBA TEATRE

VENRES, 01 XULLO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

O QUIXOTE

PEDRAS DE CARTÓN

SÁBADO, 02 XULLO 20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN · DOMINGO, 03 XULLO 20:30 ADRO DO HÍO

¡AY PERA, PERITA, PERA!

CAZANDO GAMUSINOS

DOMINGO, 03 XULLO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

SOMOS CIRCO

DESASTRONAUTS

MARTES, 05 XULLO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

POI

CIA. D'ES TRO

XOVES, 07 XULLO 20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

IKIGAI

SU.MA

VENRES, 08 XULLO 20:30 ADRO DO HÍO · SÁBADO, 09 XULLO 20:30 PRAZA DO COSTAL

SURPRISE

PEPE'S SHOW





SÓLO EVA

CAPRINA, CATALUÑA · ESTREA EN GALIZA

25 DE XUÑO 20:30 · PRAZA DO COSTAL | 26 XUÑO 20:30 · ADRO DO HÍO

O inicio da Compañía sitúase en 2010, cando viaxo á India para colaborar como Actriz e Pallasa no Proxecto da Fundación de Vicente Ferrer; é a partir de aí cando comezo a desenvolver proxectos propios. O nome de CAPRINA propiamente, que a designa na actualidade, instaurase en 2018 con motivo da determinación a crear, dirixir e interpretar o meu primeiro Unipersoal "Sólo Eva".

Esta Pallasa hoxe é Eva. Unha Eva Contemporánea de Carne e Osos; sen Pecado Orixinal e con Mazá Trincada; sen Adán e con Pío (o seu deveso de Liberdade). Esta Eva, amosaranos a súa cotiandade -que é tamén a de todas- para desde aí, nomear o inusual, renomearse e -xuntas- redescubrir o Paraíso.

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Creación, Dirección e Interpretación: Isabel Morera

Mirada Externa: Alba Sarraute

Escenografía: Miguel Ángel Morales

Vestuario: Caprina

Fotografía: Eulàlia Prat, Paula Fuentes

Deseño Luces: Sandra Caballero

Vídeo: Julián Waisbord

Inspiración Musical: Charles Chaplin



OH PERA

CIRCO CHOSCO, EUSKADI

DOMINGO, 26 XUÑO 2022 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo, malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo Chosco!

Circo Chosco dirixidos por Artitza Rodríguez, dan un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo que se gradúa cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza. Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez

Director: Aritza Rodríguez

Vídeo: Malala

Fotos: Paco Rocha

Escenografía: latiadadelcervicero e FROPE

Vestuario: Ariñe Azkue

Colaboración técnica: Luciano Mezzotero

Gañadores premio público Festiclown 2021



MALABARABILIDADES

FRAN BOZA, GALIZA

MÉRCORES, 29 XUÑO 20:30 · PRAZA DO COSTAL

Presentamos un auténtico portento do circo clásico e os malabares. Fran Boza estrea o seu primeiro espectáculo e vaite deixar abraiado pola súa calidade técnica. Presentamos ao auténtico rei dos malabares.

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Elenco: Fran Boza

Dirección: Fran Rei



¡¡¡CATAPLÚM!!! (VIVIR ENTRE BOMBAS)

AMEBA TEATRE, ARXENTINA-VALENCIA · ESTREA EN GALIZA

XOVES, 30 XUÑO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Ameba Teatre somos unha compañía arxentino-valenciana especializada en teatro de rúa. O clown é o noso medio vital de expresión. Desfrutamos do xogo, a excentricidade, a tolemia e a poesía. Estas son as ferramentas que nos permiten perpetuar absurdos profesionais desde 2017.

Un ser solitario insiste na súa rutina a pesar das bombas que a diario resoan nun horizonte preto do lonxe da súa casa. Para seguir adiante, as mellores armas serán a fantasía, o xogo e a bobada, o mellor aliado: o público. Espectáculo de rúa sen texto para todos os públicos plasmado de tenrura, humor, traxedia, poesía, absurdo e esperanza.

Destinado a: Público familiar

Duración: 55'

Idea orixinal: Ameba teatre

Dirección: Ana González

Clown: Lucho Murabito

Música: Sergey Kovchik

Vestuario: Delia Santana

Fotos: Javi Celda

Mirada externa: Jimena Cavalletti

Premio do público M. I. T de Calle Ciudad de Palencia 2020

Premio mellor actor festival Noctiluca de Rincón de la Victoria, Málaga 2021

Premio mellor obra festival Noctiluca de Rincón de la Victoria, Málaga 2021



O QUIXOTE

PEDRAS DE CARTÓN, GALIZA

VENRES, 01 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Pedras de Cartón nace na Coruña, pero cunha visión aberta ao exterior, coa intención de crear espectáculos de teatro clásico que podan chegar ao maior número de públicos posible. A compañía conta para esta tarefa con profesionáís cunha ampla traxectoria no teatro para a infancia e a xuventude, da man de Juan Rodríguez, socio fundador de Caramuxo teatro. Co primeiro espectáculo, Lázaro de Tormes, conseguen a Mención Especial do Xurado no 43º Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro. Pedras de Cartón aposta por adaptar os clásicos a novas linguaxes e estéticas.

Pedras de Cartón acomete o seu segundo clásico e a súa segunda obra abordando a novela máis importante da lingua española. Un fermoso e divertido Quixote cunha estética inspirada no pallaso clásico (de Fellini) e con achegamentos dende o clown. Afrontamos as escenas máis icónicas da novela, da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho.

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Dramaturxia: Juan Rodríguez

Dirección: Laura Sarasola

Interpretación: Juan Rodríguez, Pablo Sánchez

Premio Certamen Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro 2021

¡AY PERA, PERITA, PERA!



¡AY PERA, PERITA, PERA!

CAZANDO GAMUSINOS, MADRID

02 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN | 03 XULLO 20:30 · ADRO DO HÍO

Patricia Arroyo e Vera González crean a compañía Cazando Gamusinos en 2018 co obxectivo de producir espectáculos de rúa e sala para todos os públicos. Espectáculos que utilicen o teatro de figuras como linguaxe principal e que poidan conquistar outros espazos non escénicos. As dúas creadoras contan cunha longa traxectoria profesional en compañías como: La Societé de la Mouffette, Lucas Escobedo, Tropos Teatro, Coma14, Lafauna, etc...

Tomasa rexenta dende hai máis de 40 anos un posto no mercado de abastos da súa cidade. Últimamente o xénero empezoulle a falar e agora escoita as conversas absurdas dos peixes, a pataca queixase porque está de oferta e a pera chora desconsolada a súa soidade. Hai un tempo que busca a súa perfecta sucesora porque tomou a decisión de realizar o seu soño de xuventude, traballar nun circo como funámbula; e quizais esa persoa está máis preto do que parece.

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Idea orixinal e dirección: Vera González e Patricia Arroyo

Actrices: Patricia Arroyo e Vera González

Creación de títeres e escenografía: Cazando Gamusinos Teatro

Reparador/mirada externa: Eduardo Guerrero

Deseño sonoro: Iñaki Rubio

Deseño iluminación e técnico en xira: Jorge Nuevo

Deseño gráfico e imaxe: Nuria Gondíaz

Vídeo: Juan Herreros

#TEATRO NA RÚA 19



SOMOS CIRCO

DESASTRONAUTS, GALIZA · ESTREA ABSOLUTA
DOMINGO, 03 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Raquel Veganzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres e pasan a chamarse Desastronauts en 2009. A súa traxectoria ten levado as súas impresionantes acrobacias por medio mundo: estiveron de tour co circo británico Happy' s Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres... Gordon chegou a participar no espectáculo de apertura das Olimpíadas Asiáticas en Qatar, e Veganzones levou o seu trapecio ata o Caribe ou a India.

Damas e cabaleiros, nenos e nenas, o espectáculo que todas e todos estiveron esperando. Raquel Feroz, a auténtica Raíña do Circo, vaite deixar pampo virando sobre o seu trapecio. Girisho, o Gran Ditador do Circo, vaite sorprenden coa súa forza e estupidez. Xuntos danche circo 100% puro. Alto en acción e baixo en conversación. Alto en satisfacción e baixo en decepción. Alto en irresponsabilidade e baixo en precaución. É rápido, é divertido, é acrobático, é fermoso. Viaxaron polo mundo realizando as súas increíbles habilidades e agora preséntanche a súa obra mestra. Tes sorte, Somos Circo!

Destinado a: Público familiar
Duración: 50'

Elenco: Raquel Veganzones e Girisho Gordon



POI

D'ES TRO, BALEARES · ESTREA EN GALIZA
MARTES, 05 XULLO 2022 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Guillem Vizcaíno, cunha longa traxectoria como malabarista, en 2019 crea D'es Tro coa inquietude de descubrir unha linguaxe propia e experimentar novas formas de posta en escena. Investiga na manipulación de novos materiais como a buxaina e atopa un xeito propio de facer e de actuar, con carácter e orixinalidade. Actualmente é campión mundial de estilo libre de manipulación de buxainas.

A historia dun home rural atrapado desde a infancia polo efecto xiroscópico da súa buxaina. Unha viaxe de enredos e xiros que nos transporta ao xogo, un dos estados máis importantes da vida. Fusionar as artes do circo co popular xogo da buxaina e as raíces da cultura mediterránea é o principal obxectivo deste espectáculo.

Destinado a: Público familiar
Duración: 45'

Idea orixinal, dirección e interpretación: Guillem Vizcaíno
Mirada externa: Tomeu Amer, Biel Jorda e Roberto Magro
Deseño de luces, técnico de son e iluminación: Jaume Miralles
Deseño e creación da escenografía e de buxainas: Guillem Vizcaíno
Colaboración escenografía: Andy Hughes e Gregorio Vizcaíno
Fotografía: Mai Ibargüen, M.Eugenia Canyelles, Pau Caracuel
Música: Jaume Compte **Vestuario: Artesanías Greca**
Vídeo: Pau Caracuel **Producción: Cia. D'es Tro / Kandengue**

Premio Especial ATAPIB 2021 (Asociación de Teatros e Auditorios Públicos das Illas Baleares).



IKIGAI

SU.MA, GALIZA

XOVES, 07 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Dúas grandes artistas galegas como Sue Moreno e María Move crean SU.MA para abordar o seu primeiro show baixo a dirección de Gonzalo Guerreiro (Elefante Elegante).

Espectáculo de danza-circo 360º de medio formato, onde dous personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo, son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos e a destreza comunicativa das intérpretes co espectador.

Os conflitos, decisións e dificultades son parte da vida cotiá. Sempre depende de nós o que facemos con eses conflitos e como os resolvemos para que cada momento se transforme nunha agradable aventura que che impulsa a seguir, a erguerse cada día coma se fose novo? Que fai que se esperten os teus sorrisos? Cal é Ikigai?

Destinado a: Público familiar

Duración: 50'

Intérpretes: Sue Moreno e María Move

Dirección Escénica: Gonzalo Guerreiro

Creación, espazo sonoro e coreografía: Cía. SU.MA

Música orixinal: María Move e Raul Grillo

Fotografía e vídeo: Andrés Nadal



SURPRISE

PEPE'S SHOW, CHILE · ESTREA EN GALIZA

08 XULLO 20:30 ADRO DO HÍO | 09 XULLO 20:30 PRAZA DO COSTAL

Parella chilena que mestura con destreza e creatividade varias disciplinas circenses, teatrais e cómicas, cunha marca particular que sorprenderá.

Unha caixa misteriosa chea de sorpresas está a piques de explotar, liberando a dous personaxes particulares que van aproveitar esta oportunidade para sorprender ao público e facer que forme parte das situacións máis loucas e divertidas.

Destinado a: Público familiar

Duración: 35'

Dirección e coordinación artística: María Francisca Villanueva Jara

Artistas: Javier Gómez e María Francisca Villanueva Jara

Escenografía: Javier Gómez e María Francisca Villanueva Jara

Figurinos e aderezos: María Francisca Villanueva Jara

#ESPazos ALTERNATIVOS

MARTES, 28 XUÑO 20:30

CAPELA DO HOSPITAL

MENÚ DO DIA

#CHAMIZOBELLOVILA

VENRES, 01 XULLO 22:30

PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMARIGO

PAXAROS NO CABO

PISTACATRO. COPRODUCE MITCFC

SÁBADO, 02 XULLO 20:30

SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

HISTRIÓNICA!



MÓNICA SUEIRO. COPRODUCE MITCFC

MÉRCORES, 06 XULLO 21:00

CAPELA DO HOSPITAL

SALÓN DES REFUSÉS

ANA ESMITH E ALUMNADO SALÓN DES REFUSÉS



MENÚ DO DIA

#CHAMIZOBELLOVILA, GALIZA

MARTES, 28 XUÑO 20:30 | CAPELA DO HOSPITAL

O Colectivo #ChamizoBelloVila está formado por Diego Chamizo, Alberte Bello e David Vila. Logo de ter compartido diversas experiencias profesionais, deciden agruparse para traballar xuntas en relación a temáticas queer e LGTBIQ+, desenvolvendo un traballo artístico dende os límites e a disidencia.

"Chamáronme maricón dende antes de saber o que significaba"...

Alberte Bello percorre o corredor da vergoña, envolto en fragilidade mentres os discursos de odio contra o colectivo LGTBIQ+ resoan na súa cabeza. O Colectivo #ChamizoBelloVila tece unha historia que confronta odio e disidencia, escuridade e luz, tristura e aceptación. "MENÚ DO DIA" xorde para sandar as feridas provocadas en Alberte Bello, artista principal, tras recibir unha malleira o mes de outubro do pasado 2021 en Vigo.

Destinado a: +16

Duración: 20'

Dirección: Diego Chamizo e Alberte Bello

Performer: Alberte Bello

Espazo sonoro: David Vila e Diego Chamizo

Figurinos e vestiario: David Vila e Alberte Bello

Textos: Roy Galán, Alberte Bello e Diego Chamizo

Técnicos audiovisuais: David Vila e Diego Chamizo

Fotografías e vídeo: Carlos Babío

Produción e distribución: Colectivo #Chamizobellovila

Xénero: Performance Workinprogress



PAXAROS NO CABO

PISTACATRO. COPRODUCE MITCF, GALIZA · VENRES, 01 XULLO 22:30 · PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMARIGO · ESTREA ABSOLUTA

Pistacatro é a compañía e a productora de Circo máis relevante das Artes Vivas en Galiza. Distribúe as súas propias producións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural. Tras 16 anos dende a súa constitución, Pistacatro pretende continuar asentándose como a productora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos.

"Paxaros no cabo" é unha proposta multidisciplinar, onde a danza vertical convive coa música en directo e o audiovisual, así como con outras técnicas circenses, para crear un traballo coral que investiga o límite entre o interior e o exterior das persoas, tanto física como emocionalmente.

Nunca como ata o de agora tivemos tan presentes eses límites, que, fisicamente, se materializaron nas paredes das nosas propias casas e, emocionalmente, na separación e distancia doutras persoas. Pista Catro propón en "Paxaros no Cabo" unha reflexión sobre as fronteiras entre o "fóra" e o "dentro", creando unha fermosa alegoría escénica entre o corpo físico, achegado á terra, e a imaxinación, que abre portas e xanelas infinitas e onde os límites son establecidos única e exclusivamente por cada persoa.

Hermes chega a un espazo común (que podería ser calquera dos barrios nos que vivimos) para traer unha mensaxe e, se fose oportuno, recoller os que lle entreguen os habitantes anónimos que atopa, revelando así o escaso tempo que tomamos en decidir o que queremos, o que realmente necesitamos.

Destinado a: Público adulto

Duración: 70'

Dirección: Clara Gayo

Autoría: Clara Gayo, Belém Brandido

Elenco:

Aitor Garuz

Nacho Muñoz

Raquel Oitavén

Paula Quintas

Mercé Solé

Idea orixinal: Belém Brandido/Pistacatro

Dramaturxia: Clara Gayo, Antón Coucheiro

Dirección de produción: Belém Brandido, José Expósito. Pistacatro

Dirección de movemento na escena: Ruth Balvís

Coreografías aéreas: Cia. Duelirium (Raquel Oitavén, Mercè Solé)

Música: Nacho Muñoz

Canción: José Díaz

Audiovisual: Marta Valverde

Iluminación e escenografía: Baltasar Patiño

Asistencia rigging e estruturas escenografía: SACAFERRO

Deseño imaxe: Juan Gallego

Fotografías: Rubén Vilanova

Vídeo: Tamboura Films

Redes: Paulina Funes

Oficina: Beatriz López

Coa colaboración da MITCF, o Concello da Baña e AGADIC

Agradecementos: Clotilde Vaello, Angélica Riego, Concellos de Santiago e Negreira, Circonove



HISTRIÓNICA!

MÓNICA SUEIRO. COPRODUCE MITCFC, GALIZA · ESTREA ABSOLUTA
SÁBADO, 02 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Mónica Sueiro comeza a súa andaina profesional no ano 2000 como figurinista, actriz, axudante de dirección en diversas compañías galegas e inicia o seu labor como directora, dramaturga e pedagoga teatral en diferentes institucións de Galicia. Despois de dez anos centrada na pedagogía e a dirección de escena, retoma o seu proxecto como intérprete e creadora atendendo aos códigos escénicos que lle interesan e na procura de novas linguaxes.

HISTRIÓNICA! é un monólogo teatral clownesco, absurdo e metateatral con elementos grotescos e desenfadados que desemboca no intento de inventar un universo con regras propias entre o teatro e a vida, entre a ficción da realidade. Ao principio foi a actriz e no seu desenvolvemento só quedou a actriz. A actriz ri de si mesma, e o público (que goza sendo cruel) ri dela.

Destinado a: Público adulto

Duración: 60'

Creación e interpretación: Mónica Sueiro

Dramaturxia e dirección: Avelino González / Mónica Sueiro

Deseño de iluminación: Naila Rodsuá

Asesoría artística iluminación: Germán Gundín

Letra e música "Estou ata a cona": Sergio Llauger

Coreografía: Olga Cameselle

Escenografía e vestuario: Mónica Sueiro

Deseño gráfico: Juan Hernández

Revisión lingüística: Vanessa Glemse

Colaboración especial da área de Igualdade da Deputación de Pontevedra.
 Programa Violencia Zero.

24 #ESPazos ALTERNATIVOS



PERFORMANCE SALÓN DES REFUSÉS

ANA ESMITH E ALUMNADO DO OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS
MÉRCORES, 06 XULLO 21:00 · CAPELA DO HOSPITAL

Ana Esmith é licenciada en Xornalismo pola UCM. Diplomada en Arte Dramática, escola Philippe Gaulier, en Londres. A súa formación xornalística e artística únense na performance con Miss Beige, primeira exploración nun traballo non verbal. Un proxecto multiforme que nace en resposta á falta de heroínas femininas non sexualizadas nin cosificadas no imaxinario colectivo. Utiliza o monocromo do "beige", unha cor aséptica coa que critica a obsesión polo retoque, os filtros e os mecanismos de autoengano que ofertan os nosos dispositivos e aplicacións de imaxes. Miss Beige constrúese a si mesma a través de imaxes onde se presenta como suxeito e obxecto ou, se se prefire, artista e modelo, un xogo nada novo dentro das prácticas performativas desde comezos do século XX e ao que se acolleron, tamén, as prácticas artísticas feministas.

Despois de experimentar co fracaso, de arriscar, de xogar cos seus erros, imperfeccións e de afondar un pouco máis na súa implicación coa súa obra, o alumnado do curso impartido por Ana Esmith vai ser o protagonista do seu propio SALÓN DES REFUSÉS e abrirá as súas portas ao público para amosar o seu particular SALÓN DE REXEITADOS.

Destinado a: Público adulto

Interpretación: Ana Esmith e alumnado do obradoiro Salón des refusés

XXII MULLERES EN ACCIÓN

SÁBADO, 25 XUÑO 19:00

SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

INAUGURACIÓN XXII EDICIÓN

D^a VICTORIA PORTAS, ALCALDESA DE CANGAS

COMANDO IGUALDADE

CHIS OLIVEIRA MALVAR, PRISCILA RETAMOZO RAMOS

SÁBADO, 25 XUÑO 19:30

SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

AMANTIS

TAMARA CANOSA

XOVES, 30 XUÑO E 07 XULLO 16:30

CAPELA DO HOSPITAL

PEIXIFICADXS

SUSANA REY

VENRES, 01 XULLO 19:30

SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

LA LUZ DE LA TORMENTA

MARÍA MORALES CARSON

LUNS, 04 XULLO A MÉRCORES, 06 XULLO 16:00

CAPELA DO HOSPITAL

SALÓN DES REFUSÉS

ANA ESMITH

MARTES, 05 XULLO 22:30

AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN



A TANXUGUEIRAS

VENRES, 08 XULLO 19:00

SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

CENTENARIO MARÍA CASARES

SABELA HERMIDA, MARÍA LOPO, FRAN PAREDES



COMANDO IGUALDADE

A MOCIDADE FACENDO A REVOLUCIÓN FEMINISTA NAS AULAS

CHIS OLIVEIRA MALVAR, PRISCILA RETAMOZO RAMOS. PRESENTACIÓN LIBRO

SÁBADO, 25 XUÑO 19:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

En Vigo, leva anos xestándose un comando revolucionario que busca a igualdade de xénero e que marca para sempre a vida dunha mocidade que quere un cambio. As autoras contan a historia do comando, o porqué da súa formación e os valores que promove. Un manual introdutorio para xente moza, e non tan moza, interesada en mudar a realidade patriarcal. A revolución comeza nas aulas!

Este libro, COMANDO IGUALDADE. A mocidade facendo a revolución feminista nas aulas, é un elaborado exercicio de inclusión. É tamén un acto de amor cara á xustiza. Porque a igualdade é un dereito. Chis e Priscila converteron esta loita nun xeito de vida. Da súa xenerosidade nace este libro. Gustárame que correse de man en man e que o profesorado de numerosos centros de Galicia tome a iniciativa de sumarse a esta revolución. É posible poñer en marcha o Comando Igualdade, este volume cheo de experiencias reais é a mostra disto. Que reto tan fermoso o de implicar a mocidade no feminismo, no respecto pola diversidade. Ensinarlles a desmontar os mitos, abrírlles as portas a un espazo seguro para que poidan debater con liberdade. Darlles voz. Hai que ter a valentía, a forza e as ganas mais cando unha loita polos dereitos foi sinxela? (...) O Comando Igualdade, coma a loita das sufraxistas, tamén implica pasar das palabras aos feitos, unirnos a ese movemento desde as aulas. Atrévernos a formar parte de algo tan grande. Grazas Chis e Priscila por abrazar con tanta forza o concepto de sororidade. Porque a revolución será feminista ou non será.

Ledicia Costas

#MULLERES EN ACCIÓN 25



AMANTIS SELFIES. SEXTING E OUTRAS FORMAS DE AMAR(SE)

TAMARA CANOSA. PRESENTACIÓN PROXECTO ESCÉNICO E DEBATE
SÁBADO, 25 XUÑO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

En 2008 aparece o primeiro modelo de teléfono intelixente. Este fito marca un novo xeito de relacionarnos (ocio, códigos de relación, formas de amosarnos ao mundo, de percibir e recibir a información, etc). As persoas nadas entón son os adolescentes de hoxe, a primeira xeración de nativ@s dixitais, con pais e nais que non o son. O cambio de paradigma é de tal magnitude e vai tan rápido que é imposible adiantar conclusións sobre seu impacto no xeito de relacionarnos. O que parece claro é que os e as nativas dixitais participan xa de toda unha cultura global. Se esta cultura apuntala as estruturas de poder máis conservadoras ou e a rede de cooperación que cambiará o mundo é algo que está por resolver.

Con AMANTIS investigamos nas linguaxes, posibilidades e servidumes da era das Redes Sociais. No sexting e no selfie como autorrepresentación. Na pegada de todo isto no intra e interpersonal.

TAMARA CANOSA, comezou na pequena pantalla nos noventa e dende entón traballou en decenas de series, películas e obras de teatro. Conta cunha ampla formación interdisciplinar e está especializada en materia de igualdade. Fundou con Xacio Barrio a empresa Rebordelos, coa que produciu e dirixiu LIBERTO, espectáculo cunha excelente acollida da crítica. No 2021 rodou con Iciar Bollain e produce a primeira longametraxe de Rebordelos. AMANTIS é o seu segundo proxecto teatral.

20:00H DEBATE

Chis Oliveira, Priscila Retamozo, Tamara Canosa e Comando Igualdade

PEIXIFICADXS CONVERSAS CON POLICARBONAUTAS

SUSANA REY. OBRADOIRO DESTINADO A SOCÍAS DE ADICAM
XOVES, 30 XUÑO E 07 XULLO 16:30 · CAPELA DO HOSPITAL

E se espertásemos un día e as Cíes fosen tres illas de plástico no medio da ría...

Dende este horizonte anímico, distópico e improbable, mais non imposible (nos océanos flotan xa cinco xigantescas illas de lixo ...), dialogaremos con tódolos seres que "navegan" entre plásticos para tentar reciclar, vía imaxe e palabra, unha realidade en situación de emerxencia.

PEIXIFICADXS, conversas con policarbonautas, propón pararse un intre fronte ó mar e compartir, rir, imaxinar, trocar miradas... e transformar o que temos diante dos ollos: fotografía, vídeo e poesía de usar e non tirar para tentar albiscar un futuro máis azul e escintilante...

... Certo que virar o temón das cousas non é doado, pero como dicía o poeta: Navegar é preciso...

SUSANA REY é Doutora en arte. Guionista e realizadora premiada en Brasil, Xapón, Cataluña, México, Galicia. O seu traballo exhibiuse en numerosos festivais e foros. Becada pola EICTV da Habana e pola Xunta de Galicia.

Colaborou en cine (arte), ten proxectos seleccionados en diversos eidos: artístico-educativo, escultura e cultura. Tamén é autora de numerosas publicacións e impartiu Arte e Tecnoloxía (IEL, Lisboa), Deseño de Interiores (Escuela Superior de Diseño, Orihuela, talleres e "Master Class".



LA LUZ DE LA TORMENTA

MARÍA MORALES CARSON. PRESENTACIÓN LIBRO E CONFERENCIA
VENRES, 01 XULLO 19:30 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

O medo é unha das emocións que somete ao ser humano e moitas mulleres do S.XXI, de calquera idade, aínda albergan medo sobre as súas propias capacidades e habilidades. A autora utiliza o libro como ferramenta para conectarse coas mulleres e alentelas a xestionar ese medo que as paraliza e a importancia de respectarse como persoa. A protagonista, Hannat, unha moza que sufriu abuso, ten que asumir e superar a dor do dó (polo abuso) e, xunto ao personaxe masculino, afrontar este paso de evolución persoal, outro dos eixes sobre os que se vertebra a novela e a charla. “La teoría de la elección” do psiquiatra norteamericano, William Glasser introdúcese na conferencia para darlle axilidade e un punto de vista singular á traxectoria dos personaxes e das asistentes. A pintura barroca e o talento da protagonista conforman outro foco no que se apoia a autora para dar solucións á xestión dos medos, a quererse, a darse prioridade. A presentación amosará cadros de mulleres artistas do Século de Ouro e outras épocas para visibilizar a súa pintura, o muro que ergueu a historia diante da profesionalidade das mulleres.

MARÍA MORALES CARSON (DONOSTIA. GIPUZKOA) Compaxinou o seu traballo en comunicación e coordinación de eventos coa escrita de contos e da súa primeira novela, “Los hombrecillos del Valle de Canfranc”. Combina a dirección do gabinete, Carson Comunicación, coa corrección de estilo e a creación. Escribiu relatos, guións para curtas e a súa segunda novela “La consciencia del tiempo”. Agora presenta o seu terceiro libro: “La luz de la tormenta”.



OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS

ANA ESMITH. OBRADOIRO
LUNS, 04 XULLO A MÉRCORES, 06 XULLO 16:00 · CAPELA DO HOSPITAL

Lonxe do fracaso, preparadas para o éxito, somos persoas rápidas, astutas, intelixentes, seguras, boas, simpáticas, divertidas, falamos e colocámonos corporalmente ben, sabemos de máis, facémolo demasiado ben.

Obradoiro aberto a artistas, intérpretes e a quen utilice a súa persoa no proceso creativo, no que imos experimentar co fracaso, con todas esas veces que nos dixeron que non. Seredes protagonistas do noso propio SALÓN DE REFUSÉS.

Propónse o xogo como ferramenta para a busca individual cara a propia descuberta, un espazo para que cada quen indague, descubra e poida achegarse a aquilo que xa ten. Se queres arriscar, xogar cos teus erros aproveitándote das túas imperfeccións e afondar máis na TÚA implicación coa TÚA obra, BIENVENUE.

ANA ESMITH. Licenciada en xornalismo pola UCM. Diplomada en arte dramática, Escola Philippe Gauliers. A súa formación xornalística e artística únense na performance con Miss Beige, primeira exploración nun traballo non verbal.

Un proxecto multiforme que nace en resposta á falta de heroínas femininas non sexualizadas nin cousificadas no imaxinario colectivo. Utiliza o monocromo do “beige”, unha cor aséptica coa que critica a obsesión polo retoque, os filtros e os mecanismos de autoengano que ofertan os nosos dispositivos e aplicacións de imaxes.



PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2022

A SABELA MANEIRO, AIDA TARRÍO E OLAIA MANEIRO, TANXUGUEIRAS
MARTES, 05 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

Polo impacto social da súa música e do seu discurso, abertamente feminista, que pon en valor e reconece ás cantareiras e pandeireiras, auténticas artífices do canto tradicional galego, sempre ligado ás raíces e ás mulleres do rural, que transmitiron e legaron un patrimonio cultural coa voz e a pandeireta, un instrumento aínda hoxe desvalorizado.

Polo seu compromiso coa linguaxe inclusiva, coa sororidade e coa reinterpretación das coplas populares con perspectiva de xénero en todas as súas actuacións públicas.

Tanxugueiras son, ao tempo, un reflexo das mozas deste século e un referente indiscutible para a mocidade. Un referente musical de mulleres feministas e empoderadas. Auténticas Mulleres en Acción.

TANXUGUEIRAS son Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro, tres cantareiras que reinterpretan os sons populares dunha tradición milenaria fusionándoos con ritmos urbanos máis próximos ao trap ou á electrónica.

Coa súa enerxía, empoderamento e as súas contundentes voces, recollen e revisan o legado das mulleres pandeireiras que mantiveron viva a música tradicional galega para lanzarllas de novo ao mundo cun estilo propio e innovador, coñecido como trad, e cunha forza ancestral que as levou a triunfar nos escenarios de diversos países. Son o son dun pobo internacionalizado. Son a cultura tradicional na pista de baile. Son todos os mundos nun só. Porque para Tanxugueiras non hai fronteira.

28 #MULLERES EN ACCIÓN



MARÍA CASARES FRONTE AO ESPELLO

CENTENARIO MARÍA CASARES. UNHA VIDA EN ACCIÓN
SABELA HERMIDA. PRESENTACIÓN LIBRO

VENRES, 08 XULLO 2022 19:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Con este libro, a autora busca recoller o legado filosófico e artístico de María Casares, convertida en referente e icona das vangardas da época así coma da intelectualidade republicana e galeguista exiliada en América do Sur.

Unha retrospectiva detallada da evolución artística, da carreira teatral e concepción da arte dramática e método interpretativo que ela tiña, influenciada en gran medida pola corrente filosófica existencialista.

SABELA HERMIDA. Actriz e bailarina. Licenciada en Filosofía pola Universidade de Granada. Doutora en Artes Escénicas: Teatro, Música e Danza pola Universidade Rey Juan Carlos. Doutorase coa tese O desenvolvemento artístico de María Casares dentro do marco existencialista francés.

Experta na vida e obra de María Casares, imparte conferencias, participa en congresos, programas de televisión e publica traballos sobre ela en revistas especializadas e en xornais. No ámbito da investigación conta con diversas publicacións sobre arte e sobre feminismo. Culmina eses anos de investigación coa publicación do seu primeiro libro, María Casares fronte o Espello coa Editorial Xerais.



MARÍA CASARES. A PATRIA DO TEATRO

CENTENARIO MARÍA CASARES. UNHA VIDA EN ACCIÓN

MARÍA LOPO. CONFERENCIA

VENRES, 08 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

María Casares declarou que cando se está exiliada unha vez, estase exiliada para sempre, e engadiu que a experiencia do exilio nos ensina que as fronteiras non existen. No teatro atopou un lugar no que, quizais como no amor, non se coñecen as vertixes do exilio.

MARÍA LOPO. Doutora en Literatura Francesa pola Universidade Rennes 2, catedrática de ensino secundario de francés, ensaísta e tradutora. Publicou dez libros e máis de sesenta artigos, estudos e traducións nos que aborda, entre outros temas, a poesía bretoa, a poesía francófona, o surrealismo, o celtismo literario, a relación entre literatura e identidade, o sexismo na didáctica da lingua francesa ou as culturas do exilio republicano nas súas conexións francesas.

Especialista na figura de María Casares, disertou sobre ela en numerosas ocasións, tanto en Francia como en Galicia. Publicou unha decena de artigos sobre a súa vida e obra. Dedicoulle o texto teatral "O meu nome é María Casares" (2007), adaptado por Sabela Teatro como "María Casares. A vida triunfante" (2008). Editou a correspondencia intercambiada co seu pai Santiago Casares Quiroga: "Cartas no exilio" (2008) e publicou a monografía sobre as súas conexións galegas "O tempo das mareas. María Casares e Galicia" (2016; segunda edición revisada en 2022). En 2022 publicárase a súa edición anotada de "Residente Privilegiada", a tradución española das memorias da actriz, na Editorial Renacimiento.



POLÍTICA SENTIMENTAL. O ENCONTRO NECESARIO ENTRE MARÍA CASARES E ALBERT CAMÚS

CENTENARIO MARÍA CASARES. UNHA VIDA EN ACCIÓN

SABELA HERMIDA E FRAN PAREDES. LECTURA DRAMATIZADA

VENRES, 08 XULLO 2022 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Na ocupación nazi, en Francia, prodúcese o encontro de dúas grandes personalidades do panorama cultural e artístico do momento: o premio Nobel, Albert Camus, un dos máis notables representantes do existencialismo francés, e María Casares, a actriz galega máis universal e filla de Santiago Casares Quiroga, último Xefe do Goberno da República.

A posta en escena de "Le Malentendu" no ano 1942, marca o inicio desta peza e, tamén, da prolífica e intensa relación persoal, artística e profesional entre María Casares e Albert Camus e que durará ata o pasamento do autor, en 1960.

"Política Sentimental" é un diálogo testemuñal e poético no que se debullan vivencias e acontecementos: teatro, guerra, amor, literatura, exilio, República, poesía, filosofía, galegitude, liberdade, existencialismo, vida...

Autoría: Javier Villán

Intérpretes: Sabela Hermida e Fran Paredes

#EVENTOS

VENRES, 24 XUÑO 22:30 AUDITORIO MUNICIPAL

PREGÓN INAUGURAL

CLARA GAYO

VENRES, 24 XUÑO 19:00 AUDITORIO MUNICIPAL

POETA NAS ONDAS, LINO BRAXE

EXPOSICIÓN E HOMENAXE

DOMINGO, 26 XUÑO 22:30 AUDITORIO MUNICIPAL

PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A CASA-MUSEO MANUEL MARÍA

LUNS, 27 XUÑO 18:00 SALÓN DE PLENOS CONCELLO

O TEATRO AMADOR EN GALICIA

FEGATEA

LUNS, 27 XUÑO 19:00 PRAZAS DE CANGAS

REVOLTALLO

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURAIS DE CANGAS

LUNS, 27 XUÑO 22:30 AUDITORIO MUNICIPAL

VIDAS ENTRE LUSCO E FUSCO

ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS (ETC)

MÉRCORES, 29 XUÑO 20:00 CAPELA DO HOSPITAL

PANDRAMA

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ

XOVES, 30 XUÑO 17:30 SALÓN DE PLENOS CONCELLO

PROTOCOLO CONTRA O ACOSO

MESA DE TRABALLO ESCENA GALEGA

6-9 DE XULLO 10:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO

FACER VISIBLE O INVISIBLE

CRISTINA SAMANIEGO

XOVES, 07 XULLO 20:00 CAPELA DO HOSPITAL

ESPECIES LÁZARO

VANESA SOTELO

SÁBADO, 09 XULLO 19:30 CAPELA DO HOSPITAL

PRESENTACIÓN ERREGUETÉ

REVISTA GALEGA DE TEATRO



PREGÓN INAUGURAL - CLARA GAYO

VENRES, 24 XUÑO 22:30 - AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

CLARA GAYO. VIGO 1971. ACTRIZ. AUTORA. DIRECTORA DE ESCENA

Fai parte xunto con Carlos Santiago e Zé Paredes do colectivo "G.O.D Flavia Antonia (Grupo Oportunista de Drama)" desde o ano 2017. Froito deste experimento de escrita a tres mans xurdiron "Acto de hixiene" (2017), "Poetas Suicidas" (2018) e "Á Mesa!" (2019). Desde hai 12 anos, é directora da compañía de teatro amador "FarandOleiras Cabaré" para a que escribiu numerosos espectáculos.

Participou, así mesmo, no II Torneo de Dramaturxia (2018) organizado por La Zona Teatro en colaboración co Teatro Español con "As boas actrices" e no II Torneo de Dramaturxia Galega no marco da MITCFC en colaboración con DramaturGA coa peza "Con fabulación", editada por Edicións Positivas xunto co resto de participantes da edición.

En 2017 foi seleccionada para participar na comitiva de escritoras e escritores de Compostela que acudiron á 42a edición da Feira Internacional do Libro celebrada en Bos Aires.

En 2015 gaña o Premio do Xurado da IX Edición do Premio de Teatro Radiofónico do programa "Diario Cultural" da Radio Galega, con "Evasión" e no ano 2017 (XI edición) é finalista con "Proxecto Tempo".

No 2014 a Revista Galega de Teatro publica "Prohibido sufrir" e, no 2019, a mesma revista edita "Micropezas", unha compilación de 20 pezas curtas entre as que se atopa "Screenplay".

En 2010, Estaleiro Editora publica "Movidas" e "Razóns de peso". No mesmo ano escribe "A mirada de Pier" para Nut Teatro. En 2009 foi seleccionada para participar nos IV Encontros en Magalia de Creación Contemporánea organizados pola Rede de Teatros Alternativos co seu texto "Agorafobia: parálise sobre o medo" que autoeditou xunto con RedeNasa na colección "Ultratextos".



POETA NAS ONDAS LINO BRAXE

EXPOSICIÓN E HOMENAXE · VENRES, 24 XUÑO 19:00 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Queremos celebrar a obra de Lino Braxe, un artista polifacético que entregou o seu talento ao teatro, á música, á pintura, á radio e, especialmente, á poesía... Sempre vital e co seu inigualable sorriso.

LINO BRAXE, nado en Mugardos o 18 de Xuño de 1962, foi un artista polifacético e multidisciplinar. Dende moi novo, destacou polo seu talento, madurez e intelixencia privilexiada. Sen dúbida é un dos referentes contemporáneos máis importantes para a cultura e a lingua do país. Practicou case tódalas disciplinas artísticas e foi un dos intelectuais máis salientables da súa xeración: Actor, locutor, director, dramaturgo, actor de dobraxe, pintor, músico, escritor, poeta...

No ámbito escénico desenvolveu un importante labor tanto como dramaturgo, actor e director de escena como de teatro radiofónico. Foi un dos principais impulsores da creación dos Premios María Casares, que veñen de cumprir o seu 25 aniversario, aos que estivo nomeado durante anos en diferentes categorías.

Lino nace como actor en 1985 na Cía. Luís Seoane e destaca o seu paso polo Centro Dramático Galego, onde deu vida á maioría dos seus personaxes. Ademais de no teatro, foi actor no cinema, na televisión e na dobraxe, onde traballou dende 1990 ata o seu falecemento.

Como escritor conta cunha extensa produción en ensaio, obra narrativa, literatura infantil e xuvenil e dramaturxia (moita creación aínda inédita). Pero, sen dúbida, no que principalmente destaca é como poeta, sendo un dos representantes principais da chamada xeración dos 80.

No ámbito xornalístico, a radio foi un punto clave na súa traxectoria. Durante 10 anos traballou como xefe de programación, director de programas e de informativos para Radio Nacional. Tamén foi comentarista político na Cadena Ser. En prensa escrita, colaborou nos diarios El País, El Mundo e na maioría dos medios galegos. Foi cofundador da Revista Luzes e formaba parte do seu consello de redacción.

Realizou unha extensa obra pictórica, paixón herdada do seu pai e, no eido da música conta cunha importante discografía. Formou parte de grupos como "Caricia da Serpe" e "Avenida Atlántica".

Foi director e profesor nos inicios da Escola de Teatro de Narón. Nos últimos tres anos, foi o director do grupo de teatro da Agrupación Alexandre Bóveda, e un dos impulsores do Memorial Ibán Toxero, encontro do teatro profesional co teatro amator galego.

19.00H. INAUGURACIÓN OBRA PLÁSTICA E POEMAS VISUAIS DE LINO BRAXE

Exposición aberta ata o 23 de xullo de 2022.

Comisaria da exposición: María Braxe, pintora.

Inaugura D^a Aurora Prieto, Concelleira de Cultura.

19.30H. POEMAS GUARDADOS DE LINO BRAXE

Presentación do libro póstumo Poemas Guardados (Medulia Editorial).

Alexandrina F. Otero, filóloga encargada da recompilación dos poemas e Xulio Valcárcel, escritor e editor.

20.00H. POETA NAS ONDAS. ESPECTÁCULO POÉTICO MUSICAL

Daniel Beiras. Arquitecto e debuxante.

Isabel Blanco. Actriz.

Juan Ignacio Borrego. Actor de dobraxe.

Caricia da Serpe: Rómulo Sanjurjo, Miguel Ladrón de Guevara "miguelón" e Xosé Luís Saqués. Músicos.

Miguel Anxo Fernán Vello. Poeta.

Sofía Fernández Brage. Música.

Rosalía Fernández Rial. Poeta.

Amalia Gómez. Actriz.

Sol Mariño. Artista multidisciplinar.

Rebeca Montero. Actriz.

Brais Morán. Músico.

Víctor Mosqueira e Josito Porto. Músicos e Pallasos.

Miguel Pernas. Actor.

Revista Luzes.

Carmen Silva Paulo de Aragao. Actriz.

Manuela Varela. Actriz.

22.30H. EUROVISIÓN: O FAKE SHOW de Lino Braxe.

Compañías MANARTE e BUCANERO



PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL

A CASA-MUSEO MANUEL MARÍA

DOMINGO, 26 XULLO 22:30 · AUDITORIO XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

Pola creación do Certame de Proxectos Teatrais para Compañías Profesionais, un excepcional proxecto que, ademais de promover a produción da obra dramática de Manuel María e contar cunha dotación económica, realiza un complexo labor de pre e posprodución que garante ao proxecto gañador a súa distribución nos moitísimos concellos de Galiza que colaboran co certame.

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos constituíuse en abril de 2007, dous anos despois da morte do escritor, sendo declarada de Interese Galego nese mesmo ano. Propoñíase como obxectivo primeiro a adquisición da casa natal do escritor co fin de reunir alí todo o seu legado. O proxecto, -encabezado por Saleta Goy, compañeira de vida de Manuel María- culmina en setembro de 2013 coa inauguración da Casa-Museo Manuel María.

Desde ese momento mantense aberta ás visitas de escolares e adultos. Alí atópase a biblioteca do escritor con máis de 12.000 volumes; un fondo artístico sobresaínte con obras de Castelao, Maside, Seoane, Urbano Lugrís, Laxeiro, Reimundo Patiño, Manuel Torres, Xabier Pousa...; unha importante documentación relativa a diferentes aspectos da cultura galega; as primeiras edicións da obra de Manuel María, ademais da colección particular de obxectos que ambientan a casa.

A Casa-Museo Manuel María é a matriz dun importante proxecto cultural centrado no escritor que lle dá nome, mais vai máis aló. Alí celébranse, semanalmente, actividades culturais, de música, teatro, cine, maxia, clubs de lectura xuvenil e de persoas adultas ou roteiros de natureza e literatura. A Casa-Museo publica a obra inédita ou esgotada do escritor, os materiais para o ensino e para apoiar as visitas escolares (xogos, lecturas...). Desde hai sete anos convoca concursos escolares de recitado poético e videopoemas, e celebra o Convívio da Cultura Galega na carballeira emblemática de Santa Isabel en Outeiro de Rei.

É de destacar o seu traballo no ámbito do audiovisual creativo e documental onde sobresaen os títulos De amor e cantería -premio Mestre Mateo ao mellor documental creativo 2011- e Manuel María, paixón de palabra e Terra, nominado nos Mestre Mateo 2016.

Finalmente, cabe resaltar a convocatoria de dous importantes certames no ámbito musical e teatral: o Certame Manuel María de composicións musicais que premia a mellor composición para voz e piano realizada sobre un poema do escritor chairego e o Certame Manuel María de Proxectos Teatrais destinado a compañías profesionais, que garante arredor de 30 representacións ao proxecto gañador.

32 #EVENTOS

O TEATRO AMADOR EN GALICIA

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO (FEGATEA)

LUNS, 27 XUÑO 18:00 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS



A Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, quere amosar o seu interese e apoio ao labor que desenvolve o teatro amador galego, tan necesario e que consegue achegar o teatro a onde, sen eles, non sería doado chegar.

Farémolo cunha xornada na que se celebrará unha mesa redonda protagonizada pola Federación Galega de Teatro Afeccionado

e coa presentación de pequenas pezas de teatro realizadas por algúns dos grupos federados.

MESA REDONDA: DE ONDE VÉN E CARA ONDE VAI O TEATRO AFECCIONADO EN GALIZA. RESISTINDO UNHA CRISE ECONÓMICA E UNHA PANDEMIA

Unha oportunidade para debater, opinar e falar, desde a experiencia, sobre a traxectoria do teatro amador de Galiza a partir do ano 2000. Como resistiu os embates dunha crise económica e unha pandemia mundial.

Participantes: Chelo Pampillón, Tareixa Campo, Pedro Pablo Riobó, Xaime Costas, Manuel Dasilva (Moderador)

4 PEZAS DE MICROTEATRO · CAPELA DO HOSPITAL E XARDÍNS DO SEÑAL

20.00 HIPÓCRITA TEATRO: MITOLOXÍA PARA IGNORANTES

20.20 PASO DE VALVERDE: ULTRASÓNICA

20.40 LOHENGRÍN TEATRO: TERRA

21.00 PORTA ABERTA: A DOUS NICHOS DE TI



REVOLTALLO

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURAIS DE CANGAS

LUNS, 27 XUÑO 19:00 · PRAZAS DE CANGAS

19:00H. PRAZA DAS PONTES

ASPAMSIM: "H" Xogos Olímpicos a través da danza"

20:00H. NAVES DE OJEA

ESCOLA DE DANZA INÉS NÚÑEZ: "O Bosque animado"

20:30H. NAVES DE OJEA

ESCOLA DE DANZA MAITE QUIÑONES: "Auga"

21:00H. ADRO IGREXA CANGAS

ASOCIACIÓN CULTURAL STACCATO: "Annie o musical"

21:00H. SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

GRUPO DE CREACIÓN ESCÉNICA DA ETC: "Pílulas Extraviadas"

21:30H. ADRO IGREXA CANGAS

ESCOLA DANZA ORIENTAL MARGA OUTEIRAL: "Danza oriental, Tribal e Bollywood"



VIDAS ENTRE LUSCO E FUSCO

ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS (ETC) · ESTREA ABSOLUTA
LUNS, 27 XUÑO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

A ETC nace en 2008 co obxectivo de facilitar o coñecemento da práctica teatral e mostrarlle ó público o resultado dese traballo coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man de Teatro de Ningures.

Vidas expostas a este mundo e ás súas circunstancias, aos cambios obrigados ou procurados. Mais que acontece cando esas mudanzas nos levan alén do límite das nosas propias fronteiras individuais e colectivas, cando cruzamos no camiño con outras vidas e outras realidades que nunca quixemos ver? Que facemos ao compartir dramas e segredos?

Destinado a: Público adulto

Duración: 80'

Dirección: Silda Alfaro

Autoría: Rosa E. Gantes

Intérpretes: Alicia Bermúdez, Amparo Mesas, Ana Iglesias, Ángeles Mendiña, Carlos Gomez, Carmen Lois, Juan Luis Pérez, María Fernández, María José Lagoa, Manuel Mañá, Noela Avendaño, Rosa E. Gantes, Rebeca Gomez, Sara Malvido, Sara Nieto, Sonia Couto, Sonia Salgado, Vanesa González Graña e Xosé R. Rocha.

Escenografía e Vestiario: ETC


Música: Xosé R. Rocha

Iluminación: Salvador del Río

Imaxe: Diego Seixo

Técnico: Héctor Pazos

Coa valiosa colaboración de: Vanesa Sotelo, Sonia Rúa e Lois Soaxe



PANDRAMA

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ. PRESENTACIÓN LIBRO E ACTUACIÓN
MÉRCORES, 29 XUÑO 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL

Presentación do libro de pezas teatrais a cargo do propio autor, seguido da actuación de Alberte Bello interpretando "Ser Instagramer", unha das escenas de Non obstante, Life is a Cabaret, as you know, que é unha das pezas que compoñen o libro.

"Máis ca nunca, ou nin máis nin menos ca nunca, estamos na era do pandrama"

O pandrama é totalizador. O prefixo "pan" e o substantivo "drama", xunguidos no pandrama, apelan non só ao drama global, igual que a pandemia se refire a unha epidemia global. O pandrama revélanos que todos os mundos entran nel, do mesmo xeito que todos os dramas entran no mundo.

O pandrama, así mesmo, vai máis aló do que entendemos por drama clásico, por tanto, inclúe o posdrama. A suma do drama e o posdrama é o pandrama. Porque a palabra en acción non só representa ou imita o mundo, como acontece na forma dramática a través do diálogo dos personaxes nunha situación de conflito. A palabra en acción é performativa e, en consecuencia, tamén pode crear ou xerar mundos reais. A ficción fica na cabeza de cadaquén. Todas as palabras e silencios que se ofrecen neste libro son acción, son xogo. Para iso necesítante, necesítannos, para poñelas en acción. E, ao activalas, crear o mundo de novo, como crianzas, como deuses."

DESENVOLVEMENTO DUN PROTOCOLO CONTRA O ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NAS NAS ARTES ESCÉNICAS

PATRICIA DE LORENZO, XUNTANZA SECTORIAL ESCENA GALEGA
XOVES, 30 XUÑO 17:30 · SALÓN DE PLENOS CONCELLO DE CANGAS

Cómpre ter unha posición clara e continuada na transformación cara a igualdade nas artes escénicas, é por iso que Escena Galega promove no 2022, ano do seu XX aniversario, o desenvolvemento deste protocolo, pioneiro no conxunto do Estado e financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade, como ferramenta para traballar pola erradicación de este tipo de violencia no noso sector.

O traballo, financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, será levado a cabo por unha consultora especializada.

Escena Galega promove unha xuntanza de traballo sectorial para presentar este proxecto, aínda en proceso de definición e desenvolvemento, e abri-lo ao resto de axentes do sector galego, incluíndo ao da música, co obxectivo de sumar achegas, propostas e, tamén, adhesións a esta cuestión tan necesaria.



FACER VISIBLE O INVISIBLE UN CAMIÑO DE CREACIÓN

CRISTINA SAMANIEGO. OBRADOIRO
6 A 9 DE XUÑO. 10:00-14:00H · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Aproximación física á preparación integral do/da actriz e á súa conexión coa creación. Unha inmersión no traballo de preparación do/da intérprete poñendo o foco no desenvolvemento da expresión física e vocal, a claridade das accións físicas e a creación de composicións individuais.


CRISTINA SAMANIEGO. Actriz, pedagoga e directora teatral.

Titulada Superior pola R.E.S.A.D. e Diplomada en Xeografía e Historia. Investigadora en linguaxe escénica e pedagogía teatral. Foi parte da Cía. de Teatro Contemporáneo Atalaya e cofundadora do Laboratorio Internacional de Teatro T.N.T. (Sevilla). Premio ao Mellor Espectáculo, IV Certame Novos Investigadores Teatrais CENIT 2012, e Premio á Mellor Dirección na II Certame Iberoamericana de Teatro, Cidade de Trujillo. Actualmente dirixe o Laboratorio de Investigación Escénica Espacio Espiral en Santander, engadindo un novo enfoque ao seu labor pedagóxico e de investigación en Teatro Total: un novo xeito de pedagogía teatral e a súa aplicación á Educación Primaria e Secundaria.

34 #EVENTOS

ESPECIES LÁZARO

VANESA SOTELO. PRESENTACIÓN LIBRO
XOVES, 07 XULLO 20:00 · CAPELA DO HOSPITAL



En 2021 a MITCFC acolleu a estrea de *Especies Lázaro*, o 116º espectáculo da histórica compañía portuguesa Teatro Art' Imagem. A editorial Húmus presenta en 2022 o texto orixinal en galego e a tradución ao portugués de Diana Vasconcelos desta peza que ofrece unha viaxe en paralelo entre o século XXI e o século XVI e se achega á figura de Isabel Barreto, primeira almirante na historia da navegación.

VANESA SOTELO, dramaturga e directora teatral. En 2008 traballa como dramaturga residente para o Centro Dramático Galego coa creación de *Estigma*. En 2010 obtén o IV Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico con *Indoor* e o XIII Premio Josep Robrenyo con *Memoria do incendio*. En 2011 recibe o IV Premio Abrente de Textos Teatrais con *Campo de Covardes*. En 2014 é seleccionada dentro do III Programa de Desenvolvemento de Dramaturgias Actuais do INAEM con *Nome: Bonita*, obra recoñecida co Premio Mondoñedo 10' á mellor obra teatral da década en lingua galega. Actualmente, combina o seu traballo creativo na compañía Incendiaria coa docencia na ESAD de Galicia. Entre os seus traballos máis recentes, destacan: *Microspectivas dun marica millennial* e *A lúa vai encuberta*.



PRESENTACIÓN ERREGUETÉ

ERREGUETÉ - REVISTA GALEGA DE TEATRO
SÁBADO, 09 XULLO 19:30 · CAPELA DO HOSPITAL

O número 103 da revista, correspondente ao primeiro semestre de 2022, dá conta de case todo o que aconteceu nos escenarios galegos durante esta temporada. A publicación sobre artes escénicas, con 39 anos de historia, segue adiante cun deseño e uns contidos renovados, tentando non discriminar ningunha modalidade ou formato escénico. Ademais, presentamos o segundo libro da colección de textos teatrais cun par de pezas de moi distinto signo. Dúas historias de amor. Unha entre dúas mulleres, as primeiras que, desafiando a violencia heteropatriarcal, emprenderon a aventura de casar: Elisa e Marcela, o espectáculo co que A Panadaria gañou moitos premios e bateu un récord de funcións, dentro e fóra de Galiza. A outra, O esboroamento da tenrura, sobre o amor filial e a perda da nai, a obra que se fixo co prestixioso Premi Born de Teatre.



TAQUILLA

www.mostrateatrocangas.gal



MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

ORGANIZAN



Concello de Cangas



ningures produción

PATROCINAN



Concello de Cangas



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA



Agencia Galega das
Industrias Culturais



Xacobeo 21-22

COLABORA



centro
dramático
galego